



APDR

Asociación pola defensa da Ría

A APDR SOLICITA A PROHIBICIÓN DA PLANTACIÓN DO *Eucalyptus nitens* EN GALICIA

Dende fai xa tempo, tense comprobado a expansión en plantacións dunha especie do xénero *Eucalyptus* (*E. nitens*), especie que antes se mantiña en proporcións casi residuais dado o menor prezo ao que cotizaba a súa madeira. A perigosidade como invasora desta especie é similar á de *E. glóbulus*, a maioritaria, case exclusiva, nas plantacións galegas, agás polo feito de que soporta temperaturas máis baixas que o *E. glóbulus* o que engade a ameaza de poder expandirse por áreas de maior altitude polo de agora libres de invasións de eucaliptos. A empresa ENCE ten apostado recentemente por *E. nitens* polo feito de ser máis resistente ao insecto defoliador *Gonipterus platensis* e ao fungo parásito das plantas xuvenís *Mycosphaerella* e ademáis por que abre novas expectativas de cultivo en áreas de montaña donde o de *E. glóbulus* resulta imposible.

Recentemente, unha sentenza da Audiencia Nacional fallaba desestimando un recurso de ENCE contra a prohibición de plantar *Eucalyptus nitens* nunha concesión de terreo de dominio público marítimo-terrestre outorgada á empresa en Navia. A prohibición quedaba establecida por Resolución do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente de 16 de abril de 2014, pola que se outorgaba a concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre, ao incluír dentro do "Pliego de Condiciones Particulares y Prescripciones" expresamente que: "*Garantizaráse durante o período de vixencia da concesión que quedará excluída a plantación Eucalyptus nitens dentro da superficie de dominio público outorgada en concesión*"

Os fundamentos da sentenza, aparte de na xurisprudencia existente, establécense nos informes elaborados tanto polo Servizo de Espazos e Especies Protexidas do Goberno do Principado de Asturias, de 28 de febreiro de 2012 que sinala que "*Destas especies (de eucalipto), E. nitens, debido a súa capacidade de proliferar en condicións térmicas estritas, é máis que probablemente unha especie que presentará unha capacidade invasora que poda resultar prexudicial para o medio natural*", e no informe no mesmo sentido do Comité Científico previsto no R.D. 139/2011, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas que sinala: "*Constatada pola evidencia científica dispoñible, a naturalización da especie exótica Eucalyptus nitens no noso territorio, dadas as características biolóxicas e fisiolóxicas similares a outras especies de Eucaliptos en relación coa súa capacidade invasora, e en particular á maior resistencia ao frío de E. nitens, concluímos que E. nitens é unha especie exótica naturalizada e en expansión, con alto risco de invasión e moi perigosa para o mantemento da biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas*" concluíndo que "*O Comité Científico recomenda en relación á consulta (realizada polo Ministerio) non permitir a plantación de E. nitens (...) por considerala especie exótica naturalizada, moi perigosa polo seu carácter invasor e pola súa potencial capacidade para transformar o medio e bloquear o ecosistema*".

Contrastado o perigo que supón para o territorio esta especie e tendo en conta que é a obriga das administracións responsables da xestión do medio ambiente a axeitada protección e conservación do mesmo, resulta claro que procede a prohibición da plantación da mesma e o control e erradicación nas plantacións xa realizadas. A Asociación Pola Defensa da Ría que ven amosando a súa preocupación polos danos ambientais que están a provocar as plantacións de eucalipto en xeral, ven de solicitar á Consellería do Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a prohibición expresa da plantación de *E. nitens* en Galicia así como a realización dun censo das plantacións existentes desta especie de cara á elaboración dun plan de erradicación que evite os problemas derivados da expansión da mesma. Resulta destacable a urxencia destas medidas de cara non so a evitar estes problemas senón tamén os problemas económicos e sociais que pode provocar o cultivo dunha especie que so resulta útil para a transformación en pasta de papel o que deixa aos posibles produtores nas mans do monopolio do comercio da madeira de eucalipto que detenta ENCE.

Pontevedra, 22 de outubro de 2015

Pola Asociación Pola Defensa da Ría,

Benito Andrade